A Cátedra R en Ciberseguridade recibe o premio CIBER.gal como mellor "Iniciativa dirixida ao tecido empresarial"

- ***Representantes do operador galego e das Universidades da Coruña e Vigo recolleron este mediodía o premio na primeira xornada de CIBER.gal, o Encontro Galego de Ciberseguridade da Xunta de Galicia.***

- ***A distinción recoñece o traballo da Cátedra* R*, impulsada por* R*, a UdC e a UVigo dende hai oito anos, para xerar capacidades en ciberseguridade a empresas e administracións incorporando o pulo de tecnoloxías intelixentes aplicadas ao negocio.***

Mércores, 4 de novembro de 2026.- A Cátedra **R** en Ciberseguridade obtivo o **premio CIBER.gal 2026 á mellor "Iniciativa dirixida ao tecido empresarial"** en recoñecemento ao seu pulo sostido do talento e a innovación para reforzar a ciberseguridade no ecosistema da empresa galega.

Esta mañá Susana Rey, da Oficina de Privacidade de **R**, recolleu o premio durante a primeira xornada de CIBER.gal 2026, o Encontro galego de Ciberseguridade da administración autonómica a través da AMTEGA (Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia), acompañada de María Llorente, de Marketing Empresas de **R** e máis dos directores da Cátedra, Ana Fernández Vilas, da UVigo e máis Carlos Dafonte, da UdC. Susana Rey agradeceu esta distinción que "*recollo con moito orgullo no nome de* **R** *e das Universidades da Coruña e Vigo, sen cuxo traballo e colaboración máxima ao longo destes 8 anos tería sido imposible sacar adiante o proxecto da Cátedra* **R** *en Ciberseguridade. Sen dúbida, un exemplo de coordinación público-privada esencial nos nosos días*".

Un proxecto pioneiro e anovado

A Cátedra **R en Ciberseguridade**, creada en 2018 e apoiada dende entón polo **operador galego e as Universidades da Coruña e Vigo**, revalidou o ano pasado a súa andaina e a colaboración directa das institucións académicas con **R** no ámbito da seguridade dixital.

Pioneira cando naceu para avanzar en ciberseguridade ao compás da dixitalización, a Cátedra **R** mantén os seus grandes obxectivos: **captar talento TIC** en informática, Intelixencia Artificial aplicada ao negocio e ciberseguridade, sen esquecer os referentes prioritarios da **formación, investigación, transferencia tecnolóxica e divulgación**. E na actualidade, con énfase especial no **fomento da innovación en tecnoloxías intelixentes** e en proxectos orientados á súa aplicación práctica no mundo da empresa. A súa actividade combina premios académicos, prácticas curriculares, obradoiros especializados, competicións técnicas, xornadas de innovación, programas STEM e espazos de encontro entre estudantes, investigadores e empresas.



Medio milleiro de estudantes, divulgación, colaboración e premios

Entre os principais resultados alcanzados pola Cátedra **R** en Ciberseguridade destacan as cifras de máis de **500 estudantes** que participaron en actividades formativas e divulgativas, máis de **20 accións de divulgación** técnica e social, máis de **15 premios académicos** concedidos e **9 contratos indefinidos** xerados a partir de prácticas curriculares desenvolvidas na empresa.

Así mesmo, a iniciativa fomentou espazos de colaboración con entidades coma CITIC, atlanTTic, Gradiant, Microsoft, Finsa, Imatia, Hijos de Rivera e outras relevantes do eido galego da innovación.

Dende a súa creación, a Cátedra **R** contribuíu ao **desenvolvemento do ecosistema galego de ciberseguridade** mediante formación de talento especializado, transferencia de coñecemento entre universidade e empresa e promoción de iniciativas de referencia en Galicia. Todo isto permitiu ampliar o alcance da cátedra alén do ámbito universitario, contribuíndo á **sensibilización en ciberseguridade**, ao desenvolvemento de capacidades técnicas entre a xente nova e á creación dunha vía estable de **incorporación de talento** ao tecido empresarial e tecnolóxico do territorio.

Bolsas para proxectos TIC

As **prácticas curriculares e extracurriculares en R** son outro dos capítulos esenciais da Cátedra **R** en Ciberseguridade. Trátase de bolsas anuais para a Facultade de Informática da UdC e para a Escola de Enxeñaría de Telecomunicación da UVigo dirixidas a estudantes de Grao e de Máster, que poden incluír a realización do Traballo de Fin de Grao ou de Fin de Máster (TFG ou TFM). O propósito é capacitar profesionalmente o alumnado facendo esas prácticas en **R** baixo a dirección e supervisión dun/a titor/a académico/a do centro onde cursan os seus estudos.

De feito, un **70 % da dotación económica** da Cátedra **R** destinarase a bolsas e prácticas, e o 30 % restante a actividades de visibilidade, divulgación e fortalecemento institucional.

A Cátedra **R** consolidouse, a maiores, como **referente en Galicia organizando eventos** pioneiros como cybersec@gal e integrándose en CIBER.gal a partir de 2021. Ademais, participa en obradoiros e iniciativas como Talento Ciber, XoveTIC, C3TF, CTFv2, JNIC e Hacking nivel MEGA, ou nas Olimpíadas Teleco e proxectos STEM Bach. A Cátedra **R** promove tamén retos de innovación, xornadas tecnolóxicas e publicacións científicas e divulgativas, consolidando, en suma, unha alianza público-privada para adaptar o talento universitario ás necesidades reais das empresas e administracións en Galicia.

comunicación R
prensa@mundo-r.net
R.gal